

Código Cero

Novas | Versión en español | Versión en portugués | Revista en papel | Top 100 | Nós

Buscar en Código Cero:

Ineo deu conta en Lugo e Ourense dos camiños a seguir para unha Rede segura

 martes 3 de marzo do 2009, por [Fernando Sarasqueta](#) | [Enviar por e-mail](#) | [RSS](#)


A vida en Internet non é un paso que se poida dar á lixeira. Isto vale para o persoal e tamén para o eido dos negocios: cómpre seguir unha serie de requisitos para que un dos nosos valores das empresas, a

información, non fique á descuberta onde nunca debería ter ficado. Achegar luz sobre estes requisitos é o obxectivo do programa formativo que se celebrou este mes de febreiro nas sedes da Confederación de Empresarios de Ourense e da Confederación de Empresarios de Lugo. As xornadas, que viñeron da man de Ineo a través do Instituto Nacional de Tecnoloxías da Comunicación e máis a Confederación Española de Empresas TIC (CONETIC), xiraron arredor dunha cuestión de actualidade: a seguridade informática. Con este motivo, os encontros foron en boa medida un fluxo continuo de pasos a ter en conta para un desenvolvemento empresarial na Rede en

boas condicións: protección de datos de carácter persoal (LOPD), aplicacións para o negocio do novo DNI (o electrónico) ou información completa sobre as ameazas informáticas de meirande presenza na Internet (incluíndo datos sobre o que está por vir e os xeitos que temos de combatalo). Segundo informa Ineo, aos encontros acudiron máis dun cento de participantes, en cada unha das dúas localizacións, na súa meirande parte xerentes das pequenas e medianas empresas, aos que se lles achegou a oportunidade de exporles aos expertos na materia cuestións específicas relacionadas co seu traballo e coa súa empresa.

Ademais dos representantes das Confederacións de Empresarios de Lugo e de Ourense, Ineo acudiu en nome do marco de colaboración co INTECO así como outros proxectos que a asociación leva a cabo co Instituto, non só no ámbito da seguridade senón tamén en temas de accesibilidade, calidade ou ámbitos de interese específico para as empresas.

A asociación galega TIC con sede na Zona Franca de Vigo expuxo ademais outras accións que desenvolve en relación coa seguridade no eido das firmas galegas como é a creación dun catálogo de produtos e máis de servizos dos seus asociados para o acceso ás solucións en materia de seguridade por parte das compañías do resto de sectores. **Tamén se falou do apoio que empresta Ineo ás empresas do sector dixital á hora de xestionar axudas a clientes par á implantación de solucións de seguridade.**



O afianzamento destas acreditacións representa, de feito, unha das liñas de acción máis importantes dentro da asociación. Neste sentido, Ineo desenvolveu nos últimos anos un total de 51 proxectos a través dos cales, un total de 30 empresas implantaron ou están en proceso de implantación de distintas certificacións no ámbito da seguridade:

- Calidade nos procesos de desenvolvemento de software (ISO12207, ISO90003 e CMMI).
- Calidade en calquera actividade relacionada co proceso de produción (ISO9001).
- Calidade na xestión de servizos relacionados coas Tecnoloxías da Información e Comunicación (ISO20000).
- Xestión da seguridade da información (ISO 27001).

Na mesma sección

- [Sarkozy, demandado por violación dos dereitos de autor mentres recría a súa lei antipiratería](#)
- [Santiagosiete procura o mellor blog da comarca compostelá](#)
- [Os concursos públicos en España, máis preto dos arquitectos galegos pola vía da Rede](#)

Publicidade:



Revista en PDF



[Descárgaa xa](#)



Grupo Código Cero Comunicación, S.L.
Rúa Conxo de Arriba 49- 1 C
15706 Santiago de Compostela
Teléfono-fax:981 53 02 68



Premio da Galleguidade 2007
ó Medio de Comunicación



Gaardón á Innovación Empresarial
na categoría de Comunicación



Premio EGANET á Mellor Web de
Medios de Comunicación